XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO
Delegación Provincial
Benito Corbal, 47 - 2º - 3º
36001 PONTEVEDRA
Tfno. Cultura 986 80 55 35
Tel. Servicio Turismo 986 80 55 72

XACOBEO 2004 Galicia

Este documento forma parte do expediente 8 859 / 411 aprobado INICIALMENTE pola XUNTA DE GOBERNO LOCAL con esta data
Vigo, 15 NOV 2004
O SECRETARIO DA XERENCIA.
Asdo.: José Riesgo Boluda

DILIXENCIA DE COMPROBACIÓN: A xerocopia concorda fielmente co seu orixinal.
Vigo, 23 AGO. 2005
O TITULAR DO ÓRGANO DE APOIO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL P.D.

Expte. 1051/03

Examinado o **informe-memoria técnica das sondaxes arqueolóxicas mecánicas nunha parcela da parte alta do Campus Universitario das Lagoas-Marcosende, en Vigo**, que presenta **Eduardo Rodríguez Saiz**,

**Resultando** que, en data 2 de xaneiro de 2004, esta delegación provincial resolveu autorizar a realización dunhas **sondaxes arqueolóxicas mecánicas nunha parcela da parte alta do Campus Universitario das Lagoas-Marcosende, en Vigo**, baixo a dirección de **Eduardo Rodríguez Saiz**,

**Resultando** que, en data 26 de febreiro de 2004, tivo entrada no Rexistro da delegación provincial de Pontevedra da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, o informe-memoria técnica da actuación, asinada polo arqueólogo director da mesma, onde se indica que non se localizou ningún resto arqueolóxico,

De acordo co informe do arqueólogo desta delegación provincial do 2 de marzo de 2004,

**Considerando** que os traballos, debidamente executados, se desenvolveron de acordo co proxecto presentado.

Esta delegación provincial, ó abeiro da Resolución do 13 de decembro de 2002 pola que se delega nos delegados provinciais da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo o exercicio de determinadas competencias,

**RESOLVE:**

Dar por rematada a intervención arqueolóxica, non observándose impedimentos para a construcción dun aparcamento en superficie. Non obstante, o proxecto de obra deberá ser autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, conforme ó establecido no artigo 3.3.3.1 de PXOU de Vigo e no artigo 54 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio Cultural de Galicia.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada, no prazo de un mes, de conformidade co establecido na Lei 30/92 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/99.

Pontevedra, dous de marzo de 2004.
O DIRECTOR XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL
PD: Resolución de 13-12-2002 (DOG nº 250 do 27 de decembro)

A DELEGADA PROVINCIAL

Asdo.: Rosanna López Salgueiro

Este documento forma parte do expediente n.º aprobado DEFINITIVAMENTE polo PLENO DO CONCELLO con esta data,
Vigo, 26 XULL. 2005
O SECRETARIO DA XERENCIA
Asdo.: José Riesgo Boluda